

Acta de Constitución da Marea Sectorial de Territorio e Medio Ambiente

En Santiago de Compostela, no local de En Marea (rúa Santiago de Guayaquil 7), ás 18.00 horas do día 22 de xuño de 2018, ten lugar a xuntanza para a constitución da Marea Sectorial de Territorio e Medio Ambiente, segundo os documentos que determinan a estrutura sectorial de En Marea.

Asistentes:

Chelo Martínez (coordinadora en En Marea)
Elena Cores (coordinadora de En Marea)
Darío Rey, (Touro)
Roberto Castro (Vedra)
Manuel Prieto (Guitiriz)
Santiago Losada (Compostela)
Francisco Caamaño
Jorge Duarte (Compostela)
Severino Muñiz (Ribeira)
Xesús Fernández Neira (Compostela)
José Luís Ramos
Berta Blanco (Boiro)

Chelo introduce o debate explicando brevemente o documento das Mareas Sectoriais aprobado no Plenario, onde nos indica: que é unha marea sectorial, que temáticas abordará, como será a dinámica do seu traballo, como será o seu funcionamento interno, como tomarán as súas decisións, cal será o seu réxime de sesións, como cesarán as persoas nas súas funcións, a escolla do grupo dinamizador e como se extinguirá (documento exposto na web de En Marea).

Tras unha rolda de presentacións, comeza a intervención das persoas asistentes:

Santiago pregunta sobre a visión que ten a marea de cara ao rural, as directrices de ordenación do territorio e desenvolvemento rural.

Xesús propón os temas que se poden abordar nunha primeira xuntanza:

- INFRAESTRUTURAS. Paralización do plan de estradas. Primeiro habería que falar de ferrocarril e do aproveitamento das infraestruturas actuais. Di que non ten sentido seguir facendo estradas.
- Potenciación do TRANSPORTE PÚBLICO. Coordinación das empresas de transporte.
- Medio Ambiente. Elaboración dun plan de COMPOSTAXE a nivel de toda Galicia (exemplo Pontevedra).

- **DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.** Vertidos con contaminación cero (exemplo Bélxica).

Chelo di que a subvención do transporte público é un problema, pero que tamén temos outros temas como son:

- Problema de **AEROPORTOS.**
- **TREN DE PROXIMIDADE.**
- **TRANSPORTE DE RÍA** (ex. barco para evitar a ponte de Rande).
- Relación entre a construción de infraestruturas e o medio ambiente. Necesita unha lexislación e unha inspección adecuada.
- Impacto da **MINERÍA.**
- **INCENDIOS FORESTAIS.** Especies pirófitas ou pirófilas, e como recuperar o traballo nos ríos e prados.
- **TRATAMENTO DE RESIDUOS.** Reciclar, reutilizar, reducir e destruír.

Duarte di que estamos aínda inmersos na burbulla das infraestruturas de estradas.

O debate que cala nos medios é: infraestruturas igual a progreso. Considera que debemos cambiar ese discurso cara a un discurso máis didáctico, onde se poña en valor o transporte público fronte ao individual (ex. a ampliación a cinco carrís na autopista en Santiago é máis caro que ter un servizo público de calidade).

Continúa dicindo que hai que cambiar o debate e comezar a falar de servizos á cidadanía, e non da rendibilidade do servizo. Propón estes dous temas como eixo vertebrador do grupo:

- Transporte público fronte ao custo das infraestruturas
- **DEREITO Á MOBILIDADE**

E por outra banda,

- A ordenación do Territorio en dous ámbitos

1. Explotacións forestais.

2. Garantir que o territorio sexa a base fundamental de todo o país e non perder poboación.

MEDIO RURAL = REEQUILIBRIO TERRITORIAL.

Remata informando de que o PP está elaborando unha lei de economía circular, onde canto menos consumo menos xeración de residuos. Estudo da pegada ecolóxica en consumo.

Tamén propón como temas a tratar:

- MINERÍA
- AEROPORTOS
- A-76
- DEPURACIÓN

Dende a mirada curta dun concello, a mirada longa dun país.

Roberto fala da LEI DO SOLO. Actualmente a lei do solo é unha ordenación urbana que non conta co rural como forma de desenvolvemento do país.

Di que hai que facer unha lei do solo con perspectiva rural.

O MEDIO AMBIENTE. Retorno dos valores ambientais patrimoniais.

Sebe considera a posibilidade de contar nesta marea cun consello técnico para disipar dúbidas que poidan xurdir sobre estes temas.

Fala do PARQUE NATURAL de Corrubedo. Como se poden resolver os problemas de propietarios dos parques e outros que xurdan.

Chelo propón o seguinte ACORDO: dar traslado ao Consello da posibilidade dun equipo técnico para a resolución das problemáticas xurdidas nesta marea sectorial.

Continúa dicindo que Galicia é rural, que temos que desenvolver o rural, crear emprego para o medio rural e crear un RURAL DE CALIDADE.

Remata falando de como xestionar o acceso á enerxía no rural. ENERXÍAS LIMPAS.

Santiago di que Galicia é urbana. Fala da liña de densidade de poboación da costa, que é unha cidade difusa na que investir en liñas de comunicación, diferenciación con Ourense e Lugo onde a maneira de vivir é distinta nos pobos de interior.

En canto ao tema dos aeroportos, considera que hai que deixar de ser as terminacións finais das liñas aéreas para ter voos directos.

Manuel fala das Comunidade de Montes. Da problemática da propiedade dos terreos.

Xesús fala de non optar por liñas AVE, e si potenciar as liñas de cercanías. FEVE. Pedir inversión no FEVE e logo pedir a transferencia.

Duarte pide enviar a próxima convocatoria a todo o censo de EM. Fala dunha mesa sectorial de vivenda.

Decídese como grupo dinamizador o seguinte:

Xesús Fernández Neira
Darío Rey

Acórdase unha próxima xuntanza para o venres, día 7 de setembro, ás 18:00 no local de EM, en Santiago de Compostela, cos concreción dos seguintes temas a tratar:

- INFRAESTRUTURAS: A-76/ A-57/ AP-9. Dereito á mobilidade.
- SERVIZOS. XESTIÓN DE RESIDUOS. DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.
- ORDENACIÓN E EXPLOTACIÓN TERRITORIAL. MINA DE TOURO.

Sen máis asuntos que tratar, remata a xuntanza ás 20.00 horas coa constitución da Marea Sectorial de Territorio e Medio Ambiente.